INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO RELATIVO Á MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 14 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE OLEIROS PARA A DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DO RÍO

Promotor: Concello de Oleiros
Órgano substantivo: Dirección Xeral de Urbanismo (Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas)
Expediente: 2025AAE2983

ANTECEDENTES

1 O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) vixente no concello de Oleiros foi aprobado definitivamente o 11.12.2014. Mediante Resolución do 23.3.2007, a anterior Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible declarou a inviabilidade de someter o PXOM ao proceso de avaliación ambiental estratéxica. O PXOM foi obxecto de varias modificacións puntuais.

2 O 6.3.2025 recibimos na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade un escrito do Concello de Oleiros no que solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación puntual núm.14 do Plan xeral de ordenación municipal para delimitar o núcleo rural O Río (en diante, modificación ou MP). Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do planeamento.

3 O 7.3.2025 iniciamos un período de consultas previo á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de trinta (30) días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o Regulamento que a desenvolve (RLSG), aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro, integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o procedemento de avaliación ambiental estratéxica regulado na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

2 O artigo 83.6 da LSG establece que as modificacións do planeamento xeral que teñan por obxecto a delimitación do solo de núcleo rural tramitaranse seguindo o procedemento de aprobación das delimitacións do solo de núcleo rural establecido no artigo 78 desta lei (e 191 do RLSG).

3 As delimitacións do solo de núcleo rural deben someterse ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada ao abeiro do disposto no artigo 78.4 da LSG.

CVE: 4NfrZ8tmTO4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4 A avaliación ambiental estratéxica simplificada conclúe cun informe ambiental estratéxico, que ten natureza de informe preceptivo e determinante (artigo 5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental). Neste informe o órgano ambiental determinará se o plan pode ter ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza. No caso de prever efectos ambientais significativos, someterase a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

5 Antes de emitir o informe ambiental estratéxico o órgano ambiental deberá consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ao amparo do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Ámbito de actuación e obxecto do planeamento

Ámbito de actuación: Terreos situados ao norte do núcleo urbano de Oleiros na contorna da estrada provincial DP-5807, clasificados no PXOM como solo urbanizable delimitado (sector SUD-22 de uso residencial) e solo rústico de protección ordinaria e de especial protección forestal e de augas.





Superficie: 33.036 m^2

Obxecto: Delimitar o ámbito como solo de núcleo rural común.

CVE: 4NfrZ8tmTOt4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito obxecto da MP atópase na parroquia de Santa María de Oleiros, nunha contorna rururbana caracterizada pola presenza de vivendas de tipoloxía unifamiliar e terras de cultivo e forestal. A topografía dos terreos é suave e non presenta importantes desniveis.

Segundo recolle o borrador da MP, a área delimitada acolle 29 parcelas catastrais, das cales mais da metade atópanse edificadas (17 parcelas).

Todo o ámbito atópase na zona de transición da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, extensa área protexida por instrumentos internacionais que abrangue o concello de Oleiros e outros da contorna.

Polo bordo oeste do ámbito discorre o río de Oleiros[1] ou río da Loba (segundo recolle o PXOM), quedando parte dos terreos incluídos dentro da zona de policía de augas. O leito deste curso discorre canalizado baixo a estrada provincial e limitado por un muro de formigón no tramo lindeiro cunha nave situada ao suroeste do ámbito. Ao sur, xa fóra do ámbito, conserva nas súas marxes masas arboradas con vexetación autóctona de interese.

O ámbito localízase dentro da área continua de ordenación do Plan de ordenación do litoral (POL), solapado en parte co corredor ecolóxico delimitado asociado ao citado río. Os terreos da MP que coinciden co corredor abranguen parcelas edificadas e zonas ocupadas por prados.



1 Visor de Augas de Galicia https://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/

CVE: 4NfrZ8tmTOt4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Non consta no ámbito da MP ningún elemento do patrimonio cultural catalogado no PXOM nin no Plan básico autonómico (PBA), no obstante, obsérvanse algúns hórreos tradicionais no núcleo que poderían ter valores patrimoniais. Ao sur do ámbito atópase un muíño (C-02) e a Igrexa parroquial de Santa María de Oleiros (A-04), recollidos no catálogo do PXOM.

Segundo o borrador, as parcelas contan con acceso rodado público e servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica, telecomunicacións e iluminación pública. Ademais o ámbito é atravesado por unha liña eléctrica.

3. Proposta da modificación

Análise de alternativas: No documento ambiental valoráronse dúas alternativas ademais da alternativa cero. A alternativa 1 propón delimitar como solo de núcleo rural as parcelas incluídas no sector SUD-22, mentres que a alternativa 2 incorpora tamén as parcelas lindeiras, resultando a opción seleccionada.

Resumo da proposta:

O borrador da MP clasifica o ámbito delimitado como solo de núcleo rural común coa denominación O Río, establece as aliñacións que manteñen o ancho das vías proxectadas no PXOM, salvo naquelas parcelas edificadas e con peches tradicionais, e remite á aplicación da ordenanza 2B de extensión de vivenda familiar (artigo 126 da normativa do PXOM).

4. Consultas previas

Realizamos as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

Administracións públicas afectadas	*Resposta*	*Sen resposta*
Dirección Xeral de Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Deputación de Coruña		x

Asemade, o borrador da MP e o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería para que o público puidese consultalos e facer observacións ou suxestións de carácter ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

O promotor deberá considerar na elaboración da MP a totalidade das observacións e suxestións recibidas, para o cal se lle remiten os textos íntegros dos informes formulados na fase de consultas previas. Non obstante, resúmense a continuación as principais cuestións que poden ter incidencia na avaliación ambiental do planeamento.

CVE: 4NfrZ8tmTOt4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Urbanismo

Informa das afeccións no ámbito segundo o visor do Plan básico autonómico (aeronáuticas, de augas, de estradas e de liñas eléctricas).

Considera que a adecuación debidamente xustificada de delimitacións de solo de núcleo rural contidas no planeamento xeral ás características dos terreos conforme á LSG, é unha razón que pode ser conceptuada de interese público para formulación da MP.

No que atinxe á afección do corredor ecolóxico do POL, e tal e como sinala o artigo 14 da súa normativa, os corredores foron cartografados de xeito orientador, podendo o planeamento municipal precisar a súa delimitación co informe favorable do órgano ambiental. Porén, na documentación achegada non se fai referencia ao POL, nin se inclúe xustificación relativa á redelimitación do corredor, polo que, de manterse a delimitación actual, axustarase a correspondente ao núcleo para excluír a área afectada ou, alternativamente, a ordenación que se propoña a manterá libre de novas instalacións e edificacións.

Considera acreditada a existencia do núcleo, na medida en que o ámbito identifícase co topónimo O Río no nomenclátor, no PBA, contaba con edificacións no voo americano de 1956-57 e foi clasificado en parte no plan xeral anterior de 1995-97 como solo urbano.

Require completar a memoria da MP coa análise da súa incidencia no modelo de clasificación do solo do plan xeral tendo en conta que se trata do primeiro ámbito de solo de núcleo rural que o PXOM vai prever. Así mesmo, cómpre revisar o grao de consolidación e determinación da capacidade residencial realizada no borrador e ter en conta as disposicións sobre o réxime de núcleo rural establecidas na LSG e RLSG.

Instituto de Estudos do Territorio

Considera que a ordenación proposta non provocará un impacto paisaxístico significativo, toda vez que se axusta en boa medida á realidade edificada existente, e as parcelas baleiras incorporadas ao solo de núcleo rural non supoñen unha mingua significativa de solos agrarios compositivos da paisaxe tradicional, o que resulta acorde coa directriz de paisaxe DX.09.c.

En relación co disposto nos artigos 35 e 41.5.a do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia aprobado polo Decreto 96/2020 (RLPPG), non considera necesario que a modificación inclúa un estudo da paisaxe.

CVE: 4NfrZ8tmTOt4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

5. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

A modificación puntual do PXOM proposta non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar obras e implantar usos autorizados no ámbito do solo de núcleo rural delimitado.

A MP proposta afecta a unha superficie dunhas 3,3 ha, en boa medida ocupada por edificacións residenciais e nunha contorna de topografía suave, polo que non prevemos efectos significativos na ocupación do solo.

Tampouco agardamos efectos significativos na paisaxe, na medida que o novo núcleo rural delimitado se axusta á realidade edificada existente e as parcelas baleiras incorporadas ao solo de núcleo rural non supoñen unha redución significativa de solos agrarios compositivos da paisaxe tradicional.

Se ben parte do ámbito solápase coa delimitación do corredor asociado ao río da Loba incluído no POL, non se prevén efectos significativos aos seus valores nin a súa funcionalidade, dado que se trata dunha zona antropizada, que non alberga ningún hábitat de interese e ocupada en parte por edificacións. Polo tanto, este órgano ambiental non pon impedimento á redelimitación deste corredor atendendo ao previsto no artigo 14 da normativa do POL, se ben deberá recollerse esta cuestión na documentación da MP.

O PXOM vixente non cataloga ningún elemento de patrimonio cultural no ámbito da MP. No obstante, considérase necesario avaliar a existencia de posibles elementos con valor patrimonial na zona (semella existir varios hórreos dento do núcleo) e, no seu caso, establecer na MP as medidas necesarias para garantir a súa protección.

Non prevemos que a modificación proposta vaia a implicar un incremento significativo da demanda actual de auga para abastecemento nin dos caudais de augas residuais xerados no concello. Segundo o informe emitido polos servizos municipais incluído no borrador da MP as redes existentes son suficientes para o desenvolvemento previsto.

Tampouco se agardan efectos significativos na mobilidade da zona, nin se prevén actuacións sobre a rede viaria existente, mais alá de establecer as aliñacións correspondentes.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Que a partir da documentación presentada polo promotor e, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, non se prevé que a Modificación puntual núm.14 do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Oleiros para a delimitación do

CVE: 4NfrZ8tmTOt4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

núcleo rural O Río teña efectos ambientais adversos significativos pero deberán atenderse ás seguintes condicións:

1) Deberá recollerse na MP a proposta de redelimitación do corredor cartografado no Plan de ordenación do litoral (POL) conforme ao esixido no artigo 14 da normativa do POL.

2) Avaliarase a posible existencia de elementos do patrimonio cultural non catalogados no ámbito e estableceranse as medidas oportunas na MP para garantir a súa protección.

3) A MP deberá incluír de forma explícita a zonificación acústica da superficie de actuación (delimitación de áreas acústicas conforme aos usos pormenorizados do solo), en cumprimento do disposto no artigo 13 do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, e no artigo 5.2 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre a contaminación acústica de Galicia.

Este **informe ambiental estratéxico** remitirase ao Concello e ao órgano substantivo, xunto con **copia dos informes recibidos na fase de consultas previas**, e farase público a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web desta consellería (https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave).

Segundo o disposto no artigo 35.2.c) da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba a modificación no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.

Contra o informe ambiental estratéxico non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María José Echevarría Moreno.
Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

Asinado por: ECHEVARRIA MORENO, MARIA JOSE
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 21/05/2025 17:08:07

CVE: 4NfrZ8tmTOt4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve